



MÍNIMOS ESIXIBLES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 2º EP · 22-23

LINGUAS GALEGA E CASTELÁ 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- Coñece e utiliza o léxico adecuado ás necesidades comunicativas e de aprendizaxe.
- Expressa oralmente de forma clara e ordenada, experiencias, sentimentos e opinións.

COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- Comprende mensaxes orais e le con fluidez e comprensión textos breves de diferente tipo, diferenciando ben os fonemas e atendendo á dicción, entoación, pausas, ritmo....

COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

- Escribe correctamente, realizando ben as grafemas e observando a adecuada, direccionalidade, linealidade e separación de palabras.
- Presenta os seus escritos con limpeza e a estruturación axeitada..

COÑECEMENTO DA LINGUA

- Elabora textos curtos con sentido completo, sen omisións nin substitucións nas palabras, con coherencia e vocabulario axeitado, respectando as normas elementais de escritura: uso do punto, a coma, dous puntos, signos de interrogación e exclamación...
- Recoñece de forma xeral palabras e sílabas.
- Elabora pequenos textos de dúas ou tres frases.

EDUCACIÓN LITERARIA

- Memoriza e reproduce textos orais (poemas, cancións, adiviñas....) con pronunciación, ritmo e entoación adecuados.
- Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses da súa idade.



MATEMÁTICAS 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

NÚMEROS

- Conta, le, escribe e compara números ata 999, diferenciando claramente o valor que indica a posición das cifras.
- Compara e ordena números utilizando os símbolos: =, >, <.
- Realiza seriacións e averigua a frecuencia das mesmas.
- Resolve operacións de sumar e restar levando.
- Resolve problemas aplicando as operacións de suma e resta, e estratexias persoais de Resolución.
- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas.

MEDIDA

- Describe a situación do propio alumno no espazo, ou dun obxecto, respecto de si mesmo ou doutro obxecto ou persoa, empregando correctamente os termos espaciais de uso cotiá: arriba / abaixo, grande / pequeno, ancho / estreito, pesado / lixeiro.....
- Domina as nocións temporais necesarias para establecer relacións entre feitos: antes / agora / despois, onte / hoxe / mañá.....
- Coñece os conceptos temporais: hora, día, semana, mes, ano e o calendario.
- Identifica as moedas de uso ordinario.
- Le no reloxo de agullas as horas en punto e as medias.
- Realiza medicións de lonxitude, masa e capacidade con unidades de medida non convencionais e convencionais.

XEOMETRÍA

- Recoñece os diferentes tipos de polígonos e formas circulares en obxectos do entorno inmediato.

ESTADÍSTICA PROBABILIDADE

- Rexistra interpreta datos en representacións gráficas e resolve problemas contextualizados de lectura de gráficos.



CIENCIAS DA NATUREZA 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

O SER HUMANO E A SAÚDE

- Identifica e describe as partes do corpo humano. Relaciona os órganos dos sentidos coa súa función.
- Identifica as funcións vitais da respiración e a nutrición.
- Relaciona a vida saudable cunha boa alimentación.

OS SERES VIVOS

- Explica de forma oral as diferenzas entre seres vivos e inertes.
- Explica as diferenzas entre animais (mamíferos, aves e peixes) e plantas (recoñecendo as súas partes) do seu contorno, tanto de forma oral como na escrita.

MATERIA E ENERXIA.

- Reduce, reutiliza e recicla obxectos da escola.
- Identifica e adopta medidas de uso responsable na escola
- Identifica algúns aparellos de uso cotiá e relacionaos co seu uso.
- Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno.

CIENCIAS SOCIAIS 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

O MUNDO QUE NOS RODEA

- Distingue entre unha paisaxe rural e unha urbana máis próxima.
- Diferencias entre unha paisaxe de costa de outra do interior.
- Recoñece a importancia do coidado e protección do medio natural.

VIVIR EN SOCIEDADE

- Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
- Recoñece as relacións de parentesco máis próximas a el,
- Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente.
- Recoñece algún servizo público próximo.
- Relaciona ferramentas e máquinas próximas ao seu contorno co profesional que as emprega.
- Coñece os diferentes medios de comunicación e a súa función.



AS PEGADAS DO TEMPO

- Coñece os días da semana, os meses do ano e explica as diferenzas entre as distintas estacións tanto de forma oral como na escrita empregando frases sinxelas.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA PLÁSTICA 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

- Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
- Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado, etc.

EXPRESIÓN ARTÍSTICA

- Realiza correctamente mesturas de cores primarias.
- Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA MÚSICA 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

- Mostra actitude de respecto cara o docente e o resto de compañeiros e compañeiras.
- Mostra interese e actitude participativa nas actividades de audición, vocais, instrumentais e de movemento.
- Mostra interese por utilizar os medios tecnolóxicos (encerado dixital, ordenador, tablet).
- Coida e respecta o material musical, tecnolóxico e mobiliario da aula.
- Colabora cos compañeiros e compañeiras.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- ✓ Observación diaria.
- ✓ Interpretacións vocais.
- ✓ Práctica instrumental, individual e colectiva.
- ✓ Audicións individuais e colectivas.
- ✓ Probas escritas e orais de linguaxe musical.



LINGUA INGLESA 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

- PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados.
- PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
- PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).
- PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
- PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
- PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.
- PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).
- PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.
- PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.
- PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).
- PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- ✓ O **traballo diario** na clase e o **esforzo** mediante a observación directa do alumnado. Isto conta un 30 % da nota final de cada trimestre.
- ✓ A **participación** na clase, levantando a man e intervindo cando se pregunta. Isto conta un 30% da nota final de cada trimestre.



- ✓ O **traballo da clase** (o Activity book e outras actividades realizadas na aula como por exemplo facer proxectos ao finalizar cada unidade) contará un 40% da nota final de cada trimestre, dentro desta porcentaxe teranse en conta as catro destrezas: speaking un 30%, listening un 30%, reading un 30% e writing un 10%. O *Activity Book* contará un 20% e os proxectos que fagamos ao longo do trimestre puntuarán outro 20%.
- ✓ Ao final de cada unidade didáctica farase tamén unha **autoavaliación**.
- ✓ A avaliación sumativa farase mediante diferentes **rúbricas** para avaliar ao alumnado de segundo de educación primaria.

EDUCACIÓN FÍSICA 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

As notas finais de cada trimestre serán do 1 ao 10, sendo dun cinco para arriba un aprobado, que quere dicir que o alumno/a adquiriu os obxectivos mínimos esixidos e dun cinco para abaixo significa que o alumno/a non adquiriu os obxectivos mínimos.

- Séntese ben co propio corpo.
- Valora ás persoas por si mesmas, non polo aspecto, sexo ou capacidades.
- Respecta as quendas e achegas dos outros.
- Acepta o rol que lle toca xogar.
- Soluciona os conflitos co diálogo.
- Valora o xogo por riba do resultado.
- Comprende as actividades.
- Coñece as normas básicas de circulación como peón, ciclista e usuario dos medios de transporte.
- Coñece as distintas partes do seu corpo.
- Identifica os segmentos corporais no corpo dos demais.
- Coñece algúns movementos que lle permiten as diferentes partes do corpo.
- Adopta as posturas correctas en cada exercicio.
- Adopta diferentes posturas de equilibrio sobre unha base estable, sen obxectos.
- Mantén o equilibrio con facilidade sobre unha certa altura.
- Pode contraer e distender diferentes segmentos corporais.
- Adapta o movemento a ritmos rápidos ou lentos, identificando este tipo de conceptos.
- Coñece e sitúase con respecto aos conceptos espaciais: dentro, fóra, a un lado,



detrás, sobre, debaixo...

- Coñece a dereita e esquerda en si mesmo/a.
- Colócase á dereita/esquerda de espazos, compañeiros-as estáticos e obxectos.
- Desprázase a distintas velocidades con cambios de ritmo e dirección.
- Executa o salto de forma básica, tanto en lonxitude como en altura aplicando a forza necesaria e controlando a caída.
- Combina saltos de forma clara, con dous e un pé e combinación destes.
- Combina o salto coa carreira.
- Xira sobre o eixo vertical con seguridade e confianza.
- Xira sobre o eixo transversal con seguridade e confianza.
- Lanza con forza, boa dirección, e técnica suficiente.
- Recibe un balón autolanzado coas dúas mans, sen ou despois dun bote.
- Recibe material lanzado por outra persoa, a dúas mans: balóns, discos voadores, etc,
- Bota a unha ou dúas mans controlando o balón suficientemente.
- Golpea obxectos co pé con forza e cunha mínima precisión, co pé dominante.
- Golpea obxectos coa man con forza e con certa precisión, coa man dominante.
- Golpea balóns e pelotas con obxectos.
- Conduce obxectos co pé ou con implementos, seguindo certa direccionalidade e usando o pé dominante.
- Combina distintas habilidades á hora de resolver xogos e actividades.
- Aplica as tácticas máis elementais de distintos xogos
- Colabora cos demais para resolver actividades grupais.
- Identifica saúde con actividade.
- Aplica as habilidades aprendidas no medio natural próximo.
- Respecta o espazo natural, animais e plantas e evitando lixar os lugares a onde vai, comezando polo patio de recreo.
- É quen de representar sensacións e situacións da vida real, de xeito sinxelo.
- Actúa de con desinhibición e con certa creatividade en actividades expresivas.
- Consegue transmitir aquilo do que trata o exercicio con suficiente claridade.
- Participa activamente en actividades rítmicas.
- Crea pasos seguindo un ritmo ou canción dada.
- Reproduce os pasos de danzas dadas.



- Garda unha boa hixiene de mans.
- Manipula correctamente a máscara.
- A súa alimentación é correcta en relación á merenda dos recreos.
- Coñece certos alimentos clasificándoos en bos para a súa saúde ou malos.
- Practica xogos ou deportes durante os recreos e o tempo de lecer.
- Traballa seguindo medidas de seguridade e unha boa postura á hora de facer exercicio.
- Iníciase na dosificación de esforzos.
- escoita as explicacións en clase.
- Aplica as tácticas e técnicas elementais segundo as súas capacidades.
- Amosa unha autoimaxe axeitada, amosando un nivel de habilidade acorde coas súas capacidades.
- Coñece as regras, espazos de xogo e materiais dos xogos tradicionais galegos que se traballan en clase e xoga conforme a elas.
- Coñece e practica xogos tradicionais doutros lugares.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- ✓ Nos niveis máis baixos de Primaria o instrumento fundamental, en educación física será a observación directa, tendo sempre na folla de programación diaria unha parte adicada ás observacións que se consideren relevantes durante cada sesión.
- ✓ Outro dos instrumentos serán as táboas de recollida de datos en caso das probas de lateralidade, equilibrio, coordinacións óculo-man e óculo-pédica.
- ✓ Tamén se contempla a realización de traballos de recollida de datos, como as escolmas de xogos populares ou nas saídas ao medio natural próximo que temos a sorte de ter ao noso arredor.
- ✓ Por último, poderíamos realizar, en situacións meteorolóxicas adversas exercicios online na aula virtual ou ben na PDI da aula, así como fichas fotocopiadas. De todos estes exercicios tómase nota sobre a calidade e acertos.



RELIXIÓN 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

- Apreciar el amor de Dios y su presencia junto a nosotros.
- Distinguir algunos personajes bíblicos significativos y su respuesta de fe, con especial atención a la figura de la Virgen María y a la persona de Jesús como digna de imitación.
- Reconocer que la Iglesia es la familia de los hijos de Dios.
- Comprender que el domingo es el Día del Señor.
- Saber situar algunos símbolos religiosos en las fiestas de su entorno.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS 2º EP

Mínimos Esixibles 22-23

A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

- Emprega diferentes habilidades sociais básicas.

A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

- Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
- Forma parte activa das dinámicas do grupo.

A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

- Respecta as regras durante o traballo en equipo.
- Coñece e enumera as normas da aula.
- Respecta as normas da aula e do centro escolar.